

# O CRIME DO SEÑOR LANGE

Jean Renoir, 1936

# 1489

ESTREA EN NUMAX: 01.04.2025 | V.O.S.E. | 80 min

Batala é un truán que dirixe unha ruínosa imprenta en París. Acuciado polas débedas decide imprimir unhas historias do Oeste escritas por Lange, un dos seus empregados. Porén, acosado polos seus acredores, vese obrigado a fuxir da cidade e, aproveitando un aparatoso accidente ferroviario, decide simular a súa propia morte. Ao coñecer a noticia, os seus empregados acordan formar unha cooperativa, que comeza a dar beneficios grazas aos relatos de Lange.

«Un dos filmes máis absolutamente maravillosos de Renoir. Fantasía, política e naturalismo combínanse á perfección»

Geoff Andrew, TIME OUT



## As vantaxes da fórmula cooperativa

Por André Bazin

*O crime do Señor Lange* foi rodado nun clima histórico e político moi especial que explica en parte o espírito xeral do filme. A súa realización data, en efecto, de outubro de 1935, en vésperas das eleccións da Fronte Popular e o equipo que a concibiu e a realizou estaba, dalgún xeito, animado do mesmo ideal social que os personaxes da historia. Nese sentido, *O crime do Señor Lange* é, en certo xeito, un filme de tese: contra os malos partróns, os capitalistas explotadores; a prol da solidariedade obreira e as vantaxes da fórmula cooperativa. Alén desta tese social, Jacques Prévert e Jean Renoir chegarían mesmo voluntariamente a excusar o crime de Lange que serve para que desapareza da terra un ser irremediamente nefasto e ao que protexen as leis dunha sociedade mal construída.

O filme foi realizado rapidamente, en tan só un mes, cunha equipa limitada e un orzamento baixo. Estas condicións explican algunhas deficiencias técnicas do filme pero tamén algúns dos seus logros. Convén lembrar que, en 1936, Renoir apenas era coñecido por un filme sonoro, *Boudu salvado das augas* (1932), e Jacques Prévert por outro, *L'Affaire est dans le sac* (Pierre Prévert, 1932). O crime de Monsieur Lange concibiuse no círculo de intelectuais do cinema da beira esquerda do Sena e quizais sexa, máis ca ningún outro filme de Renoir, unha película de compañeiros realizado entre e para compañeiros.

Filme imperfecto, *O crime do Señor Lange* é, porén, un dos máis fermosos de Renoir e, en todo caso, un dos máis representativos do seu xenio e das súas dotes. Eu non o situaría moi lonxe d'*A regra do xogo* (1939) da que é un bosquejo moi firme. Parte do seu encanto débese á colaboración con Jacques Prévert da que saiu un dos mellores, senón o mellor, diálogo de todo o cinema francés de antes da guerra. Aquí maniféstanse todas as cualidades de Prévert sen que se advirtan os seus defectos, atenuados por un Renoir que non podía permitir que os seus actores dixesen nada que non estivese dentro do que é verosímil de acordo co seu temperamento.

É curioso comprobar como, naquela altura, os máis dos críticos reprocharon a Renoir os seus movementos de cámara, tan complicados coma torpes. Tamén se ten destacado o emprego da profundidade de campo que é importante, como en toda a obra sonora de Renoir antes da guerra (cómpre salientar dúas admirables escenas de taxi e a apertura da fiestra na parede tapiada polo anuncio). Pero a profundidade de campo está aquí subordinada a unha concepción máis ampla da planificación. Lembremos que a idea xeral do filme era agrupar os personaxes nun patio interior coa idea de retratar un espírito unanimista dunha desas pequenas comunidades parisiñas composta por porteiras, lavandeiras, tipógrafos, etc. Comprenderíase, por tanto, que a profundidade de campo fose a forma de rodaxe lóxica sempre que a acción suceda nun dos elementos periféricos do decorado, e a panorámica sería o movemento de cámara imposto especificamente para esta disposición xeral do decorado cando a acción se toma desde o patio.

De aí o último alarde xenial de posta en escena, o acorde perfecto, no que vai cristalizar toda a estrutura especial do filme: a panorámica de 360 graos e en contracampo que encadra a Lange no despacho de Batala e o segue a través do taller e logo pola escaleira até o entrechán onde termina. Daquela a cámara abandónao e xira en sentido contrario varrendo todo o patio e encadrando o actor no ángulo oposto a aquel en que se reuniu con Batala para o matar. Este sorprendente movemento de cámara, aparentemente contrario á lóxica pode ter xustificacions secundarias, psicolóxicas ou dramáticas (dá unha impresión de vertixe, de loucura, crea un suspense) pero a súa razón de ser é máis esencial: é a expresión espacial pura de toda a posta en escena.